

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente. Sec. de Promoción e Desenv. Turístico

Bases do programa de financiamento de vehículos dirixido as confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña, anualidade 2015

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONOMICA, TURISMO E EMPREGO

ANUNCIO

BASES DO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DE VEHÍCULOS DIRIXIDO AS CONFRARIAS DE PESCADORES E AGRUPACIONES DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DA CORUÑA, anualidade 2015

O Presidente desta Corporación, mediante resolución número 2342 de 12/02/2015, aprobou as bases do programa de financiamento de vehículos dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña, anualidade 2015, de acordo co seguinte texto:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DE VEHICULOS DIRIXIDO AS CONFRARIAS DE PESCADORES E AGRUPACIONES DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DA CORUÑA, ANUALIDADE 2015

1. DENOMINACIÓN, APLICACIÓN ORZAMENTARIA E LIÑAS XERAIS DA TRAMITACIÓN

O presente Programa denominado "PROGRAMA de financiamento de vehículos DIRIXIDO AS confrarias de pescadores E AGRUPACIONES DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DA CORUÑA, anualidade 2015" elabórase ao amparo do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local.

O Programa financiarase no exercicio 2015, coa achega prevista de 308.195€ na correspondente partida do orzamento desta Deputación.

A tramitación realizarase de xeito telemático en todas as fases do procedemento: solicitude, concesión e xustificación, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación, e os envíos de documentación que foran necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificaranse aos interesados as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

A resolución da aprobación do Programa coa concesión das achegas correspondentes aos solicitantes de conformidade co establecido nos artigos 59.6.b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, farase mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de edictos e na páxina web da Deputación á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia.

2. FINALIDADE E OBXECTO

É finalidade desta Deputación Provincial da Coruña, a través do presente Programa, apoiar o fomento pesqueiro mediante a adquisición de vehículos necesarios para a realización das tarefas de vixancia das autorizacións marisqueiras e de vehículos isotermos para a comercialización dos produtos do mar.

Requisitos dos vehículos:

- As solicitudes poderán referirse a vehículos tanto de primeira adquisición como usados
- Os vehículos deberán estar, no momento da posta a disposición das confrarías ou agrupacións de mariscadoras, en perfectas condicións de utilización.
- Asimesmo, os vehículos deberán contar con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa utilización e cumprir con todas as especificacións do RD 237/2000, de reglamentación básica para a construción, control e ensaio de vehículos para o transporte terrestre de produtos alimentarios a temperatura regulada.

- Os vehículos deberán dispoñer do certificado de conformidade nos termos establecidos no artigo 7 e concordates do RD 237/200.

- Os vehículos tamén deberán contar coa oportuna acreditación de ter superados todos os controis e inspeccións esixidos na normativa de aplicación, incluída a ITV.

3. DESTINATARIOS

Este programa vai dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña.

4. IMPORTE A FINANCIAR E CONDICIONS

A Deputación Provincial subvencionará os gastos derivados da adquisición dos vehículos conforme aos seguintes módulos:

	TIPO VEHICULO	CONTIA MAXIMA
MODULO 1	Vehículos isotermos	22.400€
MODULO 2	Vehículos para vixilancia	8.400€

- A porcentaxe de financiamento dos vehículos poderá alcanzar como máximo o 80% do seu custo de adquisición
- Cada entidade deberá optar por un dos dous módulos indicados
- A percepción destas axudas é incompatible con calquera outra axuda económica da Deputación para os mesmos conceptos.

- O programa é compatible coa convocatoria de fomento pesqueiro dirixida ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras para realización de investimentos durante o exercicio 2015 (FO027B/2015)

- No caso de que o crédito dispoñible non fose suficiente para atender todas as peticións, analizarase a posible diminución das cantidades a conceder en función das solicitudes presentadas

5. DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZOS DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN

5.1. Documentación específica a achegar polas entidades solicitantes

As entidades interesadas en participar no programa deberán comunicar a súa vontade de adhesión ao mesmo achegando a seguinte documentación, segundo os modelos aprobados pola Deputación na páxina web www.dicoruna.es e manifestando expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa mediante a sinatura dixital do seu representante legal na solicitude:

- Certificado de adhesión ao programa e nomeamento do representante
- Memoria descritiva do investimento a realizar segundo o obxecto do programa.
- Declaración de que a entidade está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Tesourería da Seguridade Social
- Declaración de non estar incurso a persoa representante e a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública, previstas no art. 13 da Lei xeral de subvencións.
- Identificación da entidade solicitante: tarxeta do NIF. Se a entidade xa consta rexistrada no ficheiro de terceiros da Deputación non será necesaria a entrega deste documento.
- Declaración de estar legalmente constituída, antes da presentación da solicitude, e de que dispón dos estatutos adaptados á lexislación vixente.
- Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña. No caso de que xa conste no ficheiro de terceiros da Deputación, non será necesario presentala.

5.2. Forma e prazos de presentación de solicitude

Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as solicitudes de adhesión presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación Provincial da Coruña, www.dicoruna.es.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido. Para presentar a solicitude de xeito telemático é imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica as persoas que ostenten a secretaría, a presidencia e, de ser unha persoa distinta das anteriores, a representación legal da entidade.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o 18 de febreiro de 2015 e rematará ás 14:00 horas do día 18 de marzo de 2015.

A entidade solicitante consinte, ao adherirse a este programa, que os datos deste expediente queden incorporados ao ficheiros informáticos da Deputación da Coruña. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros cuxa finalidade é conter os datos das persoas que participan nos programas financiados pola Deputación, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos e poderán ser incluídos na páxina web. O órgano responsable do ficheiro é a Deputación Provincial da Coruña e o enderezo onde o interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición diante do mesmo é a Avda. Alférez Provisional, núm. 2, 15006 A Coruña, todo o cal se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/119, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

A Deputación Provincial concederá un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

Mediante resolución da Presidencia declararase o desestimento na súa petición de adhesión daquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido nas bases ou nos modelos de anexos e non teña subsanado as deficiencias no prazo devandito.

6. APROBACIÓN DO PROGRAMA

Á vista das solicitudes presentadas, o Presidente da Deputación, logo dos preceptivos informes do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego e da Intervención Provincial, prestará aprobación ao programa coa concesión das achegas correspondentes ás entidades solicitantes.

No caso de que o crédito dispoñible non fose suficiente para atender todas as peticións, analizarase a posible dismínución das cantidades a conceder, na mesma proporción para todos os solicitantes, co obxecto de poder atender a todas as solicitudes presentadas.

A aceptación da subvención é automática, polo que a entidade deberá, no seu caso, renunciar expresamente á subvención concedida.

7. COMPROMISOS

- A entidade comprométese a publicitar a achega provincial e a facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se dea a coñecer a realización dos investimentos, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet. Ademais, o vehículo deberá rotularse de xeito que se faga constar que foi adquirido coa colaboración financeira da Deputación. No momento da xustificación da subvención, a entidade achegará declaración sobre o cumprimento desta obriga e fotografías do vehículo rotulado.

- A entidade comprométese a manter a adscrición do ben aos fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de dous anos.

- A entidade comprométese a solicitar tres ofertas de distintas empresas provedoras no caso de que o gasto sexa superior a 18.000€ para adquirir equipamento, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

8. TRAMITACIÓN DAS ACHEGAS, PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

8.1 Consideracións xerais

As achegas previstas neste programa faranse efectivas logo da xustificación do gasto realizado pola entidade.

O orzamento que se ha xustificar, que será o que se teña que xustificar para poder cobrar a totalidade da subvención, será o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento (que será como máximo ó 0,80)

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención da Deputación da Coruña, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado que se ha xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos, o importe do orzamento subvencionado para xustificar.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo do investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

8.2 Documentación xustificativa

A Deputación aboará o importe da achega concedida despois da presentación da seguinte documentación:

1. Certificación da relación clasificada dos gastos realizados na que conste a identificación do acreedor (nome da empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos sen abreviaturas e NIF), concepto do gasto, número da factura, data e importe.

2. Factura dixital ou escaneada

3. Acta de recepción escaneada ou albará de entrega

4. Certificación dos ingresos recibidos doutras administracións públicas ou entes privados para o financiamento dos mesmos conceptos ou pola contra, certificación de non ter recibido ningún outro ingreso para o mesmo obxecto.

5. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación detallada dos investimentos realizados e os resultados obtidos.

6. Declaración do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña, á que se refire a base 7, en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) relativa aos investimentos subvencionados. Achegaranse tamén fotografías do vehículo rotulado

7. Certificación acreditativa do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, no caso de non ter autorizado á Deputación da Coruña para a consulta telemática do dito cumprimento. O cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial comprobarao ésta de oficio.

8. Declaración de que a entidade está ou non exenta de IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo con dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non sexa deducible.

9. Documentación acreditativa de ter aboado o IVTM e, no seu caso, o imposto de transmisións patrimoniais.

10. Documento acreditativo de contar coa autorización prevista no artigo 1 do Regulamento xeral de circulación, aprobado por RD 2822/1998 de 23 de decembro.

3.3 Prazo e tramitación da xustificación

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 31 de maio de 2016.

Se non se achega a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), requirirase a entidade beneficiaria para a súa presentación no prazo improrrogable de 15 días. A falta de xustificación neste prazo excepcional levará aparellada a perda da achega provincial.

A presentación da xustificación fóra de prazo, ou no prazo excepcional, non eximirá a entidade beneficiaria das sancións que correspondan coa gradación indicada na base 9 deste programa.

Á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes previos da Sección de Promoción Económica e Emprego e do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pago do importe restante da achega provincial.

No momento en que se efectúen os pagamentos, a entidade deberá estar ao corrente das súas obrigas coa AEAT e coa Seguridade Social, así como coa Deputación Provincial da Coruña.

9. RÉXIME XURÍDICO, RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR DAS ACHEGAS ECONÓMICAS PREVISTAS NESTE PROGRAMA

Este programa rexerese polo establecido nestas bases, sendo de aplicación supletoria as normas da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como as Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña para o ano 2015

As entidades beneficiarias das achegas quedarán sometidas ao establecido no Código penal (Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro), e as responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

En canto á aplicación das sancións por incumprimento do prazo de xustificación, se a demora non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada, co límite de 75 euros. Se excedese dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da

subvención outorgada, co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo, que suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe total de 900 euros. O incumprimento reiterado pola mesma entidade beneficiaria en distintas convocatorias dos prazos de xustificación, implicará que se apliquen as sancións antes expostas, elevando nun grao a que proceda.

Poderá ser aplicada a compensación para o cobro da sanción, de non presentar alegacións a entidade beneficiaria respecto da aplicación da sanción proposta.

10. OBRIGAS DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES ADHERIDAS

As entidades adheridas a este programa estarán obrigadas a facilitarlles ós servizos da Deputación Provincial toda a información que se lles demande respecto aos bens adquiridos nun prazo de 15 días. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade deste programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou ao inicio do oportuno expediente de reintegro, segundo proceda, das achegas percibidas ou concedidas ó seu abeiro. A exclusión do programa será declarada pola Presidencia da Deputación, despois da tramitación do oportuno expediente contraditorio con audiencia do interesado.

11. INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo Presidente da Deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

A Coruña, 12 de febreiro de 2015

O Presidente

Diego Calvo Pouso

O Secretario

José Luis Almau Supervía

2015/1633